

Train the trainers

PROGRAMA DE APOIO Á PREPARACIÓN DE PROPOSTAS AO ERC



19-20 de marzo de 2025



Axencia Galega de Innovación

Calle Airas Nunes s/n
Santiago de Compostela



Curso impartido en inglés



Dirixido a **xestores** de universidades, centros ou institutos de investigación que traballen ou vaian a traballar no ámbito dos proxectos europeos e particularmente no asesoramento de convocatorias ERC.

TRAIN THE TRAINERS_ CONVOCATORIAS ERC

Apoiar ao persoal investigador na preparación de propostas competitivas do *European Research Council* (ERC) require mais que un entendemento básico do procedemento de solicitude.

O persoal da institución especializado en proxectos europeos, xoga un rol crítico á hora de guiar a os/as investigadores/as a través da complexidade das axudas ERC Starting (StG), Consolidator (CoG), Advanced (AdG) e Synergy (SyG). A mellora dos seus coñecementos acerca dos criterios únicos de avaliación do ERC, xunto cos seus procesos característicos e expectativas, pode maximizar significativamente a calidade das propostas e ser clave para o índice de éxito das súas institucións.

Este taller está deseñado para dotar ao equipo de xestores de proxectos europeos de universidades e centros, da visión, ferramentas e estratexias necesarias para asistir ao persoal investigador na preparación de propostas gañadoras. Nel profundizarase nas prioridades do ERC e aprenderase, por un lado, a identificar e abordar posibles problemas e, polo outro, a desenvolver enfoques prácticos para garantir que as propostas estén aliñadas cos altos estándares do ERC.

A formación combinará a análise en profundidade con exemplos prácticos e discusións interactivas para axudar a os/as participantes a converterse no apoio efectivo do persoal investigador no seu camiño cara o éxito na consecución de axudas do ERC.

OBXECTIVOS

- Entender como funcionan as convocatorias do European Research Council e como se realiza a avaliación de propostas.
- Coñecer as prioridades do ERC e os criterios e procesos de avaliación.
- Desenvolver habilidades para identificar e abordar as debilidades nas propostas.
- Obter estratexias e recursos para mellorar a calidade das solicitudes.



PROGRAMA

Train the trainers

PROGRAMA DE APOIO Á PREPARACIÓN DE PROPOSTAS AO ERC

19-20 de marzo de 2025



19 marzo

10.00 - 10.15 h

Benvida e presentación

Axencia Galega de Innovación

10.15 - 11.45 h



BLOQUE 1. ANÁLISE EN PROFUNDIDADE DAS CONVOCATORIAS DO ERC

- Comprender a misión do ERC
- Entender o proceso de avaliación
- Como elixir o panel e as palabras clave

11.45 - 12.00 h

Pausa café

12.00 - 13.30 h



BLOQUE 1. ANÁLISE EN PROFUNDIDADE DAS CONVOCATORIAS DO ERC (CONTINUACIÓN)

- Descifrar os criterios de avaliación
- Entender a competitividade dos IPs e a perspectiva dos revisores

13.30 - 14.30 h

Pausa para comida e *networking*

14.30 - 16.30 h



BLOQUE 2. DESAFÍOS COMÚNS NAS PROPOSTAS AO ERC

- Que é o potencial innovador
- Avaliación do risco e da viabilidade
- Clarificar a visión e o impacto do proxecto

20 marzo

10.00 - 11.30 h



BLOQUE 2. DESAFÍOS COMÚNS NAS PROPOSTAS AO ERC (CONTINUACIÓN)

- Creación de obxectivos sólidos
- Fortalecemento da integración do proxecto
- Fomento da innovación metodolóxica

11.30 - 11.45 h

Pausa café

11.45 - 13.45 h



BLOQUE 3. RESOLUCIÓN COLABORATIVA DE PROBLEMAS E INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS

- Obstáculos habituais e como superalos
- Fortalecemento dos marcos institucionais para a creación de sistemas internos de revisión e mellora de propostas
- Pasos para elaborar un programa de apoio institucional

13.45 - 14.00 h

Valoración do taller e peche da xornada





Train the trainers

PROGRAMA DE APOIO Á PREPARACIÓN DE PROPOSTAS AO ERC

19-20 de marzo de 2025



Formadores

Este programa foi desenvolto polos expertos en ERC Stewe Bekk e Malte Beringer, baseándose na súa ampla experiencia acumulada na revisión de propostas, na impartición de máis de 50 seminarios para máis de 1.000 investigadores e o asesoramento anual de ao redor de 40 candidatos a entrevistas ERC en prestixiosas institucións europeas. A súa traxectoria reflicte un firme compromiso coa preparación do persoal investigador para o éxito.



STEW BEKK

Asesor especializado nas convocatorias ERC

Stewe Bekk é un consultor especializado na preparación de propostas de investigación con máis dunha década de experiencia en prestixiosos institutos de Barcelona, como IDIBAPS, ICN2 e ICFO.

En 2020 fundou a súa propia consultora, centrada na preparación de solicitudes ERC. Revisou e editou máis de 400 propostas ERC, desenvolvendo un profundo coñecemento sobre os factores clave que as fan destacar. A súa experiencia e criterio contribuíron ao éxito de numerosas solicitudes, consolidándoo como un asesor de referencia na captación de fondos competitivos para a investigación.



MALTE BERINGER

Asesor e editor científico

Doctor en Bioquímica con máis de 15 anos de experiencia en *life sciences*, Malte Beringer está especializado na consultoría estratéxica e revisión de propostas científicas.

Dende 2018, céntrase nas subvencións ERC, un dos programas de apoio á investigación máis prestixiosos e competitivos de Europa, asesorando ao persoal investigador na preparación de propostas exitosas. Tamén colaborou e colabora na elaboración de proxectos no marco do Programa Horizonte 2020 / HEurope e programas nacionais.

Gracias á súa combinación de coñecemento científico e habilidades en comunicación estratéxica, contribuíu á obtención de máis de 50 millóns de euros en fondos para a investigación.

